ESTUDO DOS ALCUMES DE CATRO LOCALIDADES GALEGAS

Mª Rosario Soto Arias

O noso corpus abrangue máis de mil alcumes tirados de catro localidades, dúas da costa coruñesa, Corme (C) e Pontedeume (P), e dúas do interior, a ourensá vila de Celanova (Ce), e a dezá Lalín (L). A enorme fortuna que tivemos para obter 877 alcumes eumeses[1] non se repetiu, lamentablemente, nos outros casos, e de aí se deriva un certo factor de desequilibrio; en cambio, das outras fontes de información puidemos beneficiarnos de datos vivos, se se nos permite a expresión, mentres que do riquísimo listado eumés apenas temos noticias vivas. E a este respecto, é importante adiantar xa unha primeira observación básica, case que un valor axiomático para nós: o estudo dos alcumes só secundariamente ten valor filolóxico: son ante todo un gozo e unha fonte de relacións palabra-vida. O bo non é ter o alcume nunha taxonomía: a graza está, sobre todo, na asociación, en ter coñecido a persoa que motivou ese alcume.

Alcumar os homes é máis vello que andar a pé. Hai alcumes na Biblia, *O Nazareno, O Bautista, O Fillo do Trono*; hai alcumes na vella epopea europea, *O de Pés Lixeiros;* hai alcumes nos textos medievais[2] e tamén entre os autores da lírica galego-portuguesa: *Mendiño*, quizais *Codax, Meogo* e *Zorro*; hai alcumes dentro da mellor literatura de tódolos tempos: *Beltenebrós*, o Cabaleiro da *Triste Figura*, *La Regenta*, *Rañolas*, *Peito de Lobo*, *Milhomes, Cara de Plata*... Precisamente en Valle Inclán hai un parágrafo nunha das Comedias Bárbaras en que se fala dos alcumes ou alcuños:

> DON FARRUQUIÑO: Euménide mereces ser llamada, y no Pichona.
> LA PICHONA: No ponga alcuños que luego quedan. A ustede tampoco le gustaría que le dijese Don Repenico. Y lo es, y habrá de serlo toda la vida, que para eso tiene toda la cara repenicada de las viruelas. Fue Dios Nuestro Señor quien le puso ese alcuño.
>
> *Águila de Blasón*

É interesante constatar unha vez máis como se nutre o autor pontevedrés da seiva popular. O texto en cuestión formula o disgusto dunha persoa por ter alcume.

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 294

Gusto ou disgusto. Rexeitamento ou identificación total. Cos alcumes danse os dous extremos. Casos de aceptación inevitable son os que levan a escribir o alcume nas esquelas da prensa ou nas lápidas do cemiterio[3].

Unha mesma persoa pode recibir máis dun alcume: por exemplo: *Ollo de Faneca* e *Camisón*, *Peregrino* e *O Burro*, en (C); *Gato*, *Ratón* e *Caño* para unha soa persoa en (P), etc. Ás veces, forman parellas ó seren aplicados a matrimonios. É o caso de *A Ghilda* e *O Cojonudo* (C), ou *Sol y Luna* (C). Tamén forman parte da trasmisión hereditaria: perviven na familia. Citemos só algún caso dos moitos que poderiamos aducir: *Cacha Pelada* (C), o calvo foi xa o avó; *Chepa* (C), a eivada era a avoa desa familia, *Estanqueira* (C), os avós eran os donos do antigo estanco; *As Maragotas* (L) son fillas do *Maragote* (L), etc.

¿Quen pon os alcumes? Hai distintas posibilidades: así, poden nacer no seo da propia familia. No noso corpus percibimos posibles hipocorísticos: *Checha* (P), *Chenché* (P), *Chelín* (P), *Chinta* (P), *Chita* (P), *Cholas* (P), *Chona* (P), *Choucha* (P), *Chucho* (P), *Chuca* (C), *Chuco* (C), *Cili* (P), *Fafi* (P), *Fuca* (P), *Lili* (P), *Lelo* (C), *Nela* (P), *Neli* (P), *Pirucha* (P), *Pirula* (P), *Poliño* (C) (de Hipólito), *Ruca* (C), *Sero* (P), *Tati* (P), *Titi* (P), *Titila* (P), *Tolo* (L) (/o/ aberto), *Uco* (C), *Xole* (P), *Xolo* (P).

Igualmente poden nacer na escola: por exemplo, *Chosquiño* (L) foi posto a un profesor polos seus alumnos.

Mais en xeral, os alcumes xéranse na comunidade, entre veciños, sendo necesario sempre un certo grao de trato e de coñecemento da persoa alcumada. Cando o suxeito é por nacenza alleo ó grupo (ou vive ou viviu afastado), é relativamente frecuente aplicarlle un sobrenome con orixe no topónimo (ou microtopónimo) de procedencia, ben sexa do país (*O da Agh ra* (C), *Arangas* (P), *Camariñán, Camariñas* (C), *Cances* (C), *Chaira* (P), Chuca *de Candelagho* (C), *Couto* (C), *Do Cruceiro* (P), *Fisterrán* (C), *Froxán* (C), *Graña* (P), *Illobre* (P), *Lamego* (P), *Lameiro* (P), *Marín* (P), *Mera* (P), *Miranda* (P), *Moeche* (P), *Nemeño* (C), Juana e Rosa *da Paña* (P), *Pereiros* (Ce) (chegaron do lugar de Pereira), *Do Pino* (P), Marujiña *do Río* (C) (pasaba o río cerca de onde vivía), *De Roncudo, Roncudán* (C), *Vilela* (P), *Vilar* (Ce)), ben sexa de fóra (*Abisinio* (P), *Alemán* (Ce), *Andaluza* (P), *Arabia* (C), *Cartagena* (C), *Cartagenera* (P), *Cordobés, A Cordobesa* (C), *Corea* (C), *Coreano* (P), *Cubanita* (P), *Filipinas* (L), *Guinea* (Ce), *Habanera* (P); *Isleña* (P), *Madrileño* (P), *Mancha* (L), O *Maño* (L, P), *Maragata* (P), *Maragato* (Ce), *Meseta* (P), Lola *da Polaca* (C), *Valenciano* (P), *Venecia* (P)). Evidentemente, e esta salvidade valerá para a maioría dos listados que presentamos, algúns casos son discutibles ou ambiguos, porque no canto de topónimos podiamos ter antropónimos ou simples apelativos. O que si permiten deducir é a influencia da emigración, especialmente na vida dos habitantes das vilas mariñas; no caso de Corme non se pode esquecer o peso que durante décadas tivo o traballo das súas xentes naqueles grandes buques mercantes que percorrían o mundo.

Seguindo coas fontes que deitan alcumes, cómpre citar a antroponimia (*Abelleira* (P), *Amados* (C), *Bernaldo* (C), *Bonifacio* (P), *Botana* (P), *Calistro* (P), *Cándido* (P), *Canosa* (P), *A Cirila* (C), *Cirilo* (P), *Conde* (P), Segunda *de Corral* (C), *Donata* (P), *Farruco* (P), *Fidel* (P), *Flores* (P), *Gabrieliño* (P), *Ginesas* (P), *Gorecha*

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 295

(P), *Liberata* (P), *Luquino* (P) (posible italianismo), *Marta* (P), *Os Moráns* (C), *Muñís* (P), *Pacheco* (P), *La Petra* (P), María *de Pedro* (C), *Polonio* (C), *Reboredo* (P), *Rocha* (P), *Rufino* (P), Dito *de Sabino* (C), *O Sinfroso* (C), *Taiba* (P), *Tato* (P), *Triana* (P), *Xacobe* (P), *Xose* (P), *Xuano* (P), *Zoila* (P)), os oficios ou actividades desempeñados polo alcumado ou por algún membro da súa familia (*Astrónomo* (P), *Barrelino* (Ce) (polos barrís de leite con que traballaba), Susa *de Bidón* (C), *O Biólogo* (C), *Botero* (P), *Brocha* (L), *Brochas* (P), *O Cabreiro* (C), *Cacharrera* (P), *Cacharritas* (Ce) (tiñan unha gardería e chamábanlles así polos xoguetes para os rapaces), *Calderillas* (Ce) (tiña un rastro moi económico), *Cameón* (C), *Camión* (P), *O Campaneiro* (L) (facía campás, era de Moneixas) (P), *Cantinera* (P), *Capador* (L, P), *Carceleiro* (P), Estrella *das Cartas* (C) (traballaron toda a vida no correo), *Cartón* (C), *Casino* (C) (tiña un bar así chamado), Mª J. *da Central* (C) (traballou nunha), *Cereira* (Ce) (recollía cera dos panais para facer velas), *Chapas* (Ce) (tiña unha fábrica de gaseosas), *Chatarra* (P), *Chatarrero* (C), Asunción *do Chófer* (C), *Churrero* (C, L, P), *Coronel* (L, P), *Cura* (P), *Curiña* (Ce) (estudaba para cura), *Curupelo* (Ce) (tiña curupelos, 'pitos'), *Escarabajo* (C) (tiña unha motora pequena coma un escaravello), *Estanqueira* (C), *Faluchero* (P), *Fariña* (C), *Ferreiro* (P), *Ferreiros* (Ce) (tiñan unha ferrería), *Ferro vello* (C), *Gaiteira* (P), *Garlopas* (L), *Gran* (Ce) (mercaba e vendía gran), Raúl *da Granja* (C), *Lanchas* (P), *Latoneiros* (Ce), *Laxeiro* (L) (Mª L. Sobrino na *Gran Enciclopedia Gallega* explica que o sobrenome do famoso pintor deriva da súa época de pastoreo entre as laxes graníticas das ribeiras do Deza), *Leiteiros* (Ce) (vendían leite), *Limpia* (L) (era limpabotas) (P), *Mandadeiro* (P), *Martelo* (P), *Mincheira* (P), *Moletes* (P), *Motores* (P), *Músico* (P), Flora *da Oveira* (C) (vendía ovos na praza), *Paleco* (L) (o pai tiña carpintería), *Parafusa* (Ce) (estaba sempre fiando), (P), *Paragüeros* (P), *Pataqueiro* (L), *Peletreiro* (Ce), *Petroleiro* (Ce) (vendía petróleo para prender os candís), *Piloto* (P), *Pincha precios* (Ce) (tiña tenda e sempre andaba a cambiar os prezos), Luís *dos Porcos* (C) (tiña granxa), *Poteiro* (L), *Queixeira* (P), *Do Rexistro* (P), *Rosquilleiro* (P), *Sereno* (P), Luís *da Serra* (C) (era dono dunha), *Tinoca* (Ce) (era polbeira e chamábanlle así polo tino onde lavaba os pratos do polvo), *Trapeiro* (Ce) (comerciaba con roupa usada), *Vaqueiro* (Ce) (tiña unha central leiteira), *Virutas* (L) (tiña carpintería) (P), *Xesteiro* (L), *Xouba* (C) (antigamente ía polas aldeas vendendo xouba), *Xubela* (Ce) (era zoqueiro, nado fóra de Ce. Un día estaba a facer chancas co seu fillo e pediulle a *xubela* -variante de *subela* 'ferramenta de zapateiro'-. En Ce. non debían coñecer a palabra e ós presentes pareceulles un disparate, e así foi como lle quedou o alcume), *Zapateiros* (Ce) (facían zapatos), *Zarreta* (C) (o avó pescaba zarretas, 'abadexos'), *Zoqueira* (P), *Zoqueiro* (L), o mundo vexetal (*Banana* (P), *Banano* (C), *Cacagüé* (P), *Caravel* (C), *Carballal* (C), *Carrasqués* (L), *Cebolas* (L), *Ceboleiro* (C), *Freixeira* (P), *Gran de millo* (C), *Loureira* (Ce), *Naranxo* (L), *Pavía* (P), *Pimento* (P), *Pinoco* (C), *Remolacha* (P), *Roble* (C), *Uvas* (L), *Verzas* (L), *Viñas* (L), *Xeno* (P), *Xeste* (L)), o mundo dos animais (*O Abellón* (C, L, P), *Alacrán* (P), *O Araña* (C), *Bicho* (P), *Bocarte* (P), *O Burro* (C), *Das Cabras* (P), *Cabría* (P), *Cabrita* (P), *Calamares* (L), *Cachalote* (C), *Camello* (P), *Capón* (L), *Carioco* (P), *Carracha* (L), *Carrizo* (L), *Charrán* (P), *A Chasca* (C), *Choco* (P), *Churra*

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 296

(L), *Coello, Conejo, Conejín* (L), *Conexo* (C), *Cotonía* (P) (¿por *Cotovía*?), *Corvo* (C, P), *Cotorra* (P), *Coyote* (C), *Crusa, Curughas, Curuxa* (P), *Cuco* (P), *Escarabajo* (C), *Faneca* (P), *Fanecas* (L), *Gallo* (L), *Gaviota* (P), *Ghato* (C), *Gorrión* (P), *Grilo* (L, P), *Grillo* (P), *Lagarto* (P), *Lebre* (L, P), *Lobito* (C), *Lorito* (C), *Macaco* (P), *Malgacho* (C), *Mejillón* (P), *Merlo* (P), *Micón* (L), *Mincheira, Minchona* (P), *Mona, Monadas* (P), *Mosca, Moscón* (P), *Moucho* (P), *Oca* (P), *Ovella* (L), *Paíño* (P), *Pájaro, Paxariño* (P), *Palomita* (P), *Paspallás* (Ce), *Pata, Patiña, Patita, Pato, Parrula* (P), *Pava* (P), *A Pega* (C, P), *As Pegas, Pego* (L), *Pegho* (P), *Pichona* (P), *Os Pichóns* (C) (antigamente tiñan pichóns na casa), *Pingüinos* (P), *Piolleira* (L), *Pita* (P), *Pito* (L, P), *Polo* (P), *Porca* (P), *Porco, Porquiño* (L), *Rana* (P), *Raposa* (P), *Raposo* (C), *Rato* (Ce, L, P), *Sapo* (Ce, L), *Solla* (P), *Toura* (P), *Urraca* (P), *Vispa* (P), *Xarda* (P), *Xílgaro* (L), *Zorro* (Ce, L)).Deste último derívanse case un cento de formas: é un dos apartados máis abundantes. Pero sen dúbida, o máis rico é o paradigma de nomes que podemos englobar baixo o epígrafe de 'Calidades, características ou atributos', algúns dos cales coinciden, loxicamente, con nomes xa vistos de plantas ou animais. Sobrancean entre todas, as calidades físicas, maiormente defectos, aínda que non é sempre doado discriminar o físico do psíquico. Vexamos subapartados (en moitos casos, trátase de hipóteses máis ou menos verosímiles):

– Defectos na vista: *Chosquiña* (L) (tiña un tic nun ollo), *Chosquiño* (L), *Ollo birollo* (C), *Ollo de faneca* (C) (tiña un defecto nun ollo), *Ollomol* (L) (ídem), *Sapo no ollo* (P).

– Defectos nas pernas: *Canchela, Carrancha, Carrancho* (P) (verosimilmente con pernas tortas), *O Cojonudo* (C) (era coxo), *Coxa* (C), *Coxo de Bibiana, C. da Gavela, C. do Piropo, C. da Prada, C. da Silva, C. do Trancho* (P), *Pata pequena* (Ce).

– Cabeza grande (ou testán): *Cabeza inchada* (C), *Cabezán* (L), *Cabezudo* (P), *Cachoeira* (L), *Cacholo* (P), *Cachucho* (P).

– Pequeno de corpo: *Cabeciña de allo* (P), *Carracha* (P) (con ese valor figura nos dicionarios), *Carrizo* (L), *Chisqueta* (P), *Chiquitín, Chiquito, Chiquituja* (P), *Chiquitina* (L), *Coello, Conejo, Conejín* (L) (esta persoa era pequena, efectivamente), *Escaravello* (L) (era pequeno), *Garbancito* (P), *Gorrión* (L, P), *Gorrifallo* (L) (pequeno), *Gran de millo* (C), *A Minguiña* (C), *Minirro* (L), *Muchico* (P), *Muxico* (C), *Perdigón* (P), *Pequerrecha* (P), *Pitís* (P), *Raspita* (P), *Tapón* (P), *Uchavita* (P).

– Gordo ou grande de corpo: *Barrigas* (L), *Bolas* (P), *Cachalote* (C), *Cu de molete, Cu de muíño, Cu de pan* (P), *Gordiño* (P), *Gordito* (L), *Mazaroco* (L) (rechoncho e pequeno), *Mesa de noche* (C) (polos peitos enormes), *Orondo* (P), *Pipo* (P), A *Rebocha* (C), *Rebolo* (P), *Relleno* (P).

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 297

– Fraco: *Garabullo* (Ce), *Huesos* (P), *Picuesos* (P), *Vaca Flaca* (L) (era moi fraca).

– Que despide mal olor: *Cheirenta* (P), *Cheirume* (P), *Ghato Podre* (C) (os nosos informantes din que, efectivamente, cheiraba a gato podre).

– Débil, timorato: *Cagana, Caghana* (P), *Chipita* (L) (era débil fisicamente), *Curughas* (P) (co valor de 'medroso' figura nos dicionarios), *Manteca* (P), *Mediopulmón* (L) (era de saúde débil), *Melendres* (P), *Milingrina* (Ce), *Petapouco* (P).

– Outros defectos físicos: *Cacha pelada* (C), *Calva* (P), *Chata* (P), *Chepa* (C), *Chepas* (P), *Banano* (C) (as súas orellas semellaban mondas de plátano unha vez aberto), *Fuciñoca* (P), *Labiorrachado* (C), *Malfeito* (P), *Manco* (C) (era o que botaba as bombas nas festas), *Napias* (P), *Narichi* (P) (posible italianismo, por razóns eufemísticas), *Peideiro* (P), *Toco* (P), *Torto* (P), *Tullido* (P).

– Faladeiro (ou relativo á fala) e/ou alegre: *Garula* (P), *Larecho* (P), *Laroucha* (P), *Lengua eléctrica* (C), *Lenguas (P), Lerello* (Ce), *Lorito* (C), *Martabela* (P), *Parolas* (P), *Paspallás* (Ce), *Tartarillo* (C), *Toroló* (L) (era un falador impenitente).

– Bebedor: *Augardentes* (L), *Borracho* (P), *Borrachón* (C) (informantes que o coñeceron aseguran que non era un borracho: ou é apelativo xa herdado ou está o alcume baseado só na aparencia física), *Botellas* (L), *Cheíño* (P), *Chispa* (P), *Chispón* (L), *Curdero* (P), *Garnacha* (P), *Peloura* (P), *Tragamares* (P), *Uvas* (L) (bebía, en efecto), *Viñas* (L) (ídem).

– Pesado, pouco áxil ou activo: *Carcamán* (P), *Mormoso* (P), *Moscón* (P), *Panchurro* (P), *Papocha* (P), *Paquete* (P), *Zoupo* (C).

– De poucas simpatías: *Calado* (P), *Cañoto* (L) (era bastante antipático), *Seco* (Ce).

– Tolo ou medio tolo: *Chiribía, Chiribico* (P), *Ghato* (C) (cría que era un gato), *Tamparantán* (P), *Tarambana* (P), *Tirulí* (P), *Toloso* (P) (¿de tolo?).

– Gafe: *Mala Pata* (P).

– Parvo: *Lelo* (C), *Os Lilailos* (C), *Mamona* (P), *Meco* (L) (hai todo un anecdotario sobre as súas parvadas), *Mómaro* (P), *Monadas* (P), *Papaxán* (C), *Parrulo, Parrula* (L), *Tontería* (P).

– Traste: *Catrollo* (L) (infórmannos que é frecuente en L. chamarlle así ós rapaces trastes; é, pois, dubidosa a derivación de *Catro Ollos*), *Trasno* (P), *Travieso* (P).

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 298

– Festeiro: *Carallana* (P), *Parranda* (P), *Randa* (P).

– Feo: *Careto* (P), *Drácula* (P), *Feochas* (P), *Mona* (P), *Morte, Morto* (P), *Sapo* (L, Ce) (un informante dinos que efectivamente era unha persoa moi fea).

– Pobre economicamente: *Chupaespiñas* (P), *Matapiojos* (P), *Pasafame* (P), *Setecadelas* (L), *Seteperras* (P).

– Presunción: *Chulo* (P), *Gallo* (L), *Machito* (C), *Macho* (P), *Majo* (P), *Matoiesfolo* (C), *Presumida* (P), *Setemachos* (L).

– Astucia, maldade: *Bicho* (P), *Caín* (L), *Criminal* (P), *Cuco* (P), Juan *do Demo* (C), *Deñe* (P), *Satán* (L), *Trampas* (P), *Veneno* (P), *Xudas* (L), *Xudío* (P), *Zorro* (Ce, L).

– Outros defectos non físicos: *O Burro* (C), *Faroleiro* (P), *Mangante* (P), *O Mentireiro* (C), *Perillán* (P), *Pingo* (P), *Porca* (P), *Trapichera* (P), *Urraca* (P), *Zambeleira* (Ce) (era unha trangalleira), *Zángano* (P).

Fixémonos que ata aquí agrupamos máis ben defectos ca virtudes: preferentemente márcase, alcúmase, o non normal ou o negativo. E máis o físico có psíquico. Agora entraremos nos valores neutros, meramente descritivos, ou positivos:

– Veloz, áxil, nervioso: *Bólido* (P), *Carrera* (Ce, P) (andaba sempre ás carreiras), *Ciclón* (P), *Corricha* (L) (era unha muller moi activa, con moita enerxía), *Fuxe* (P), *Lebre* (L), *Minuto, Mediominuto* (P), *Pirucha, Pirucho*[4] (P), *Rascallú* (P), *Saltapalleiros* (P), *Saltasebes* (L), *Volcán* (P).

– Valor, forza, bravura: *Bravo* (P), *Jabata* (P), *Roble* (C), *Sansón* (P), *Tarzán* (C), *Toro* (P), *Toura* (P), *Toxo* (P).

– Relacionado co canto e o baile: *Caruso* (P), *Clarinete* (C), *Coyote* (C) (cantaba mexicanadas), *O Repenico* (C) (alude a *repinicar*, 'tocar con virtuosismo' un instrumento, porque alude á mesma persoa que *Clarinete*), *Rumba* (P), *Tuis* (P), *Xílgaro* (L).

– Agraciado fisicamente: *Alaindelón* (C), *Caravel* (C), *Cariña de rosa* (P), *Galanas* (P), *Guapa* (P), *A Louzana* (C), *Preciosa* (P), *Salada* (P), *Salerosa* (P).

– Bondade, saber: *Beato* (P), *Santo* (P), *Sabidurías* (P).

– Condición social ou ideolóxica: *Cacique* (P), *Lorcho* (C, P) (chamábanlles así ós rapaces que facían a mili de soldados rasos, pero é palabra polisémica), *Millonario* (P), *Milloncito* (C) (veu de Nova York, con cartos), *Reina* (L, P)

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 299

(chamábanlle así ás profilladas), *O Requeté* (L, P), *A Requetea* (L) (era a muller do *Requeté*), *Viudo* (P).

– Aparencia física, incluída a vestimenta: *Barbie* (C) (tiña unha melena coma a da 'Barbie'), *Barbones* (P), *Bigotes* (C, P), *Bombacho* (C) (de pequeno fixéranlle un disfrace con bombachos), *Botinas* (P), *Camisón* (C), *Cara mexo* (C), *Chinelas* (P), *Chino* (C) (tiña os ollos achinados), *O Colorado* (C), *Conlazos* (C), *Copo* (C) (parecía un orangután), *Corbata* (P), *Culitos* (P), *Leite fervido* (C) (tiña a cara esbrancazada), *Malacara* (C), *Manoplas* (P), *O Moreno* (L, P), *Morros* (P), *Moucho* (P), *Mulato* (P), *A Pega, Os Peghos* (C) (tiñan o nariz coma o da pega), *Peinado* (P), *Perilla* (P), *Perilleta* (C), *Picada* (P), *A Polaina* (C), *Puchas* (P), *Roxo* (L) (érao, efectivamente) (P), *Rufo* (P), *Teso* (P), *Viejito* (P), *Zapatilla* (P).

Non podía faltar dentro deste capítulo o apartado escarniño por excelencia, o dos valores escatolóxicos e o do sexo. Entre os primeiros citemos: *Cacascacas* (P), *Caga espiñas* (P), *Cagalliña* (P), *Caganaescada, Caganaescaleira* (L), *Cagarrana* (Ce), *Cagha na caldereta* (P), *Caghache* (P), *Caghalla de cabra* (C), *Cagana, Caghana* (P), *Caghina* (P), *Caghote* (P), *Garrabulla* (Ce) (comían moitos chícharos e logo andaban descompostos), *Merda de can* (Ce), *Mexamodiño* (P), *Moco* (P), *Peideiro* (P), *Pispís* (Ce); entre os segundos: *Collona* (P), *Colludo* (P), *Conero* (P), *Mariquita* (P), *Nachas* (P) (¿aférese de *Co-*?), *Pasea bragas* (C) (de mozo, non facía máis que levar as rapazas de paseo), *Pirolas* (L, P), *Pixa pampa* (P), *Pixarolas* (P), *Pixigha* (P), *Pixiguiña* (P), *Pixiña* (P), *Putaina* (P), *Pután* (L), *Sete carallas* (P), *Tiburón* (C) (muller que, cando era nova, tivo con moitos rapaces).

Hai un grupo de alcumes que teñen a súa orixe na reprodución máis ou menos literal de palabras pronunciadas (na maior parte é de supoñer que na infancia, cando se xeran moitos dos hipocorísticos) polos suxeitos alcumados; normalmente trátase de erros de pronuncia ou de confusión dos dous idiomas en adstrato, ou incluso tics lingüísticos. Algunhas destas formas, que podiamos considerar froito da metalinguaxe, teñen asemade valor sociolingüístico, por subliñar e escarnecer dalgunha forma o castrapo. Son casos coma os seguintes: *Alabí* (C) (dicía: «¡Alabí, alabá...!»), *Avas* (C) (quería dicir «¿a onde vas?» e dicía «¿a vas?»), *Calo Calo* (C), *Cerra a porta* (P), *Chico* (C) (sempre estaba dicindo «eu son o chico da película»), *Chiti* (C) (para chamar facía «¡sshhh tío!»), *Cuca* (C) (cada vez que oía o cuco, repetía *cuca cuca*), *Lo Truje* (P), *Mecanso* (P), *Nolovejo* (C), *Pejito* (C) (tiña o pai embarcado e un día, volvera o pai á casa, e a mestra preguntoulle na escola qué lle trouxera; a nena respondeu un *pejito*, mesturando *pececito* e *peixiño*), *Os da Quintola* (C) (repetía: «¡xa son quinto!»), *Quiscó* (C) (queixábase: «me *quiscó*, me pegó»), *Tiquidís* (P), *Tochitos* (C) (trabucábase ó querer dicir 'cochitos'). *Xacomín* (Ce) (comía moi cedo; cando alguén lle preguntaba onde ía, sempre contestaba: «Xa comín. Vou...»).

Se analizamos agora desde un punto de vista lingüístico amplo a forma dos alcumes, o primeiro que descubrimos é a hexemonía dos nomes, substantivos ou adxec-

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 300

tivos, sobre as outras clases de palabras; é algo que xa puidemos apreciar no listado dos atributos. Con respecto ós verbos, só observamos un xerundio, *Piniscando* (P), un posible participio de presente, *Saleanta* (P), as formas en *-do* con valor adxectivo e aqueloutras que entran en composición.

Chama a atención, nesta orde de cousas, a riqueza de formas en *-as*: son plurais ou falsos plurais, con valor adxectivo e quizais algún con restos de valor adverbial; en calquera caso son 84 formas en total, o que implica unha porcentaxe moi alta, se ben é certo que o procedemento non é descoñecido nas linguas peninsulares (cfr. cast. *guaperas, manazas, rubiales,* etc.). Velaquí o listado (evitamos palabras xa mentadas): *Agujas* (P), *Bajeras* (P), *Bicocas* (P), *Briscas* (P), *Caladas* (P), *Calatravas* (P), *Carepas* (L), *Carrozas* (L), *Chilindras* (L), *Codias* (P), *Cuncas* (P), *Dragas* (P), *Fabiñas* (C), *Faragullas* (P), *Farrascas* (L), *Fufas* (P), *Gaseosas* (P), *Lanchas* (P), *Langañas* (P), *Lascas* (P), *Latas* (P), *Nachas* (P), *Negras* (P), *Palanganas* (P), *Panas* (P), *Paparrabías* (P), *Papaxibas* (P), *Pinzas* (P), *Pistolas* (P), *Rellas* (P), *Rodas* (P), *Talladas* (P), *Tarteiras* (P), *Xias* (P), *Xixas* (P).

En liñas xerais, na xénese dos alcumes actúan os mesmos mecanismos que interveñen na formación de novas palabras no idioma: derivación, composición, e préstamos.

O listado de alcumes compostos é xeneroso (contabilizamos en total máis dun cento): prescindindo dos xa mentados, temos: *Barco de vela* (C), *Boca chica* (P), *Cabeza de libreta* (C), *Canta o galo* (P), *Caricolo* (P), *Chichomono* (P), *Chimenea a popa* (C), *Cola adiante* (Ce), *Copa de Europa* (C), *Culicate* (P), *Culo de oro* (P), *Currito de la Cruz* (P), *Curro Jiménez* (P), *Doce e media* (P), *Doctor Vagina* (P), *Ghata Ghata* (P), *Lavacán* (P), *Mangarraños* (L), *María Potra* (P), *Matachinos* (P), *Matalaculebra* (C), *Miracielos* (C), *Niño de las monjas* (P), *Número quince* (P), *O que faltaba* (C), *O Pai da nena* (C), *Pai Pai* (P), *Pan quente* (P), *Panchu rulo* (P), *Paparrabías* (P), *Papas de arrós* (P), *Papaxibas* (P), *Par de rubias* (Ce) (tiña dúas fillas loiras), *A Parranda de Pepa* (C), *Pata de gallo* (P), *Pataca enteira* (C), *Patacón falso* (P), *Pepe Catón* (P), *Perra ito* (P) *Peta amodiño* (P), *Pezón alto* (P), *Picamillos* (L), *Picaporca* (C), *Pimpino reseso* (P), *Portovello* (P), *Quientomólaleche* (P), *Retrataculos* (P), *Rompetechos* (L, P), *Santa Pedra* (P), *Seteoficios* (C), *Sietemesino* (P), *Tacita plata* (P), *Tío Xan* (P), *Tocamadera* (P), *Tres Marías* (P), *Uña y carne* (P), *Vello Pipas* (P), *Voy Voy* (P), *Vuelo 72* (C) (saltara pola fiestra do servizo dun bar), *Xan da burra* (P), *Yo guapo* (P), *Zocarrota* (P).

Elementos básicos para formar palabras derivadas, os sufixos, aparecen ben documentados no noso corpus:

-Aco, -a: *Chonaca* (P), *Macaco* (P), *Tolamaco* (P).

-Án, -á; -ano, -a: *Mansamaliana* (C), *Pallán, Pallana* (P), *Perillán* (P), *Pirillano* (P), *Puxano* (P), *Quixano* (P), *Ramplán* (P), *Roncudán* (C), *Serán* (P), *Talana* (P), *Tarambana* (P), *Tartana* (P).

-Anco: *Pichanco* (P).

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 301

-Ante, -a: *Saleanta* (P).

-Año, -a: *Riaña* (P), *Toraño* (P).

-Aro: *Mómaro* (P), *Níxaro* (P), *Vilaro* (L).

-Eco, -a: *Chaleca* (P), *Faneca* (P), *Fanecas* (L), *Foneca* (P), *Paleco* (L).

-Ego, -a: *Fanegas* (P), *O Lamego* (L).

-Eiro, -a: *Agulleira* (P), *Apilladeira* (P), *Cachafeiro* (C), *Canteira* (C), *Carceleiro* (P), *Ferreiro* (P), *Freixeira* (P), *Gaiteira* (P), *Loureira* (Ce), *Pataqueiro* (L), *Paxeiro* (P), *Pedreira* (P), *Peideiro* (P), *Pileiro* (P), *Piolleira* (L), *Piruleiro* (P), *Poteiro* (L), *Queixeira* (P), *Rosquilleiro* (P), *Tangheira* (P), *Tarteiras* (P), *Trenceira* (P), *Trueira* (P), *Xebreira* (P), *Xesteiro* (L), *Zoqueira* (P).

-El: *Ferriel* (P).

-Esgo: *Torresgo* (P).

-Ol: *Fedol* (P).

-Oño, -a: *Porroña* (P).

-Udo: *Caghetudo* (P).

-Uro, -a: *Valura* (P).

-Uzo: *Leduzo* (C).

Estreitamente relacionados cos sufixos derivativos, aínda que non se inclúan na derivación propiamente dita, figuran con extraordinaria abundancia entre os nosos alcumes os sufixos apreciativos, repartíndose por igual os valores desprezativos e diminutivos-afectivos:

-Acho, -a: *Cupacha* (P), *Curripacha* (P), *Garnacha* (P), *Menacha* (P), *Papacha* (P), *Pelacho* (P), *Topacho* (P).

-Allo: *Cegallo* (P), *Ramallo* (P).

-Ancho: *Vilancho* (P).

-Asco, -a: *Ferrascas* (L).

-Astra: *Piastra* (P).

-Axo: *Parraxo* (P).

-Echo, -a: *Canecha* (P), *Gorecha* (P), *Larecho* (P), *Pequerrecha* (P), *Pinecha* (P).

-Elo, -a: *Barrelas* (P), *Cacharelo* (P), *Cachelo* (P), *Cancelo* (L), *Canchela* (P), *Capela* (P), *Carrelo* (C), *Covela* (P), *Curupelo* (Ce), *Garelo* (P), *Gavela* (P), *Mantelas* (L), *Martabela* (P), *Martelo* (P), *Matelo* (L), *Napuruchela* (P), *A Panela* (C), *Pimpinelas* (Ce), *Pinabelas* (P), *Pinelas* (P), *Sarantelo* (P), *Tarrela* (P).

-Ello, -a: *Foncellas* (P).

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 302

-Ete: *Barrilete* (P), *Cambalete* (P), *Caxete* (P), *O Chiclete* (P), *Masete* (P), *Pallarete* (P), *Pinavete* (P).

-Eto, -a: *Caneto* (P), *Careto* (P), *Caseto* (P), *Chisqueta* (P), *Cubetas* (P), *Fongheta* (P), *Meseta* (P), *Metralleta* (P), *Pandereta* (P), *Parapeto* (P), *Perilleta* (C), *Rasquetas* (P), *Rolleta* (P), *Xoneto* (P).

-Exo, -a: *Calexa* (P), *O Calexo* (L), *Fandexa* (P), *Gavexa* (P).

-Icho, -a: *Cabicha* (P), *Corricha* (L), *Currupicha* (Ce), *Picho* (P).

-Ico, -a: *Chiribico* (P), *Funica* (P), *Macica* (P), *Mazónico* (P), *Muchico* (P), *Muxico* (C), *Repenico* (C), *Xirico* (P).

-Igo: *Xadigo* (P) (cfr. *Xadiño* (P)).

-Illo: *Caravillo* (P).-

-Ín, -ino, -a: *Caspatín* (L), *Champantín* (P), *Chinín* (L), *Chirina* (P), *Funghín* (P), *Gavina* (P), *Gollín* (P), *Limpín* (P), *Lipín* (P), *Luquino* (P), *Macrina* (P), *Mandinas* (P), *Panchina* (P), *Pedrín* (P), *Pepino* (P), *Pillín, Pillina* (P), *Pirinas* (P), *Pixín* (P), *Pizarrín* (Ce).

-Incho, -a: *Corrincha* (P).

-Ingo, -a: *Candingas* (L).

-Iño, -a: *Cadiña* (P), *Faxiña* (P), *Filliño* (P), *Grandaliño* (P), *Patiña* (P), *Pintiniña* (L), *Pixiña* (P), *Prixeliño* (P), *Reixiña* (P), *Santiño* (P), *Tiriñas* (L).

-Irro: *Minirro* (L).

-Oco, -a: *Conoco* (P), *Fuciñoca* (P), *Mazaroco* (L), *Pichoco* (P), *Tinoca* (Ce).

-Ocho, -oucho, -a: *Garocha* (P), *Laroucha* (P), *Pachocha* (P), *Papocha* (P), *Pecocha* (P).

-Olo, -a: *Cacholo* (P), *A Caola* (P), *Carolo* (P), *Chirolo* (P), *Larola* (P), *Mandriolo* (P), *Merolos* (Ce), *Patolo* (P), *Pixarolas* (P), *Porrolas* (P), *Purriolos* (P), *Quintola* (C).

-Ollo, -a: *Papolla* (P).

-Ón, -ona: *Borrachón* (C), *Burón* (L), *Calderón* (P), *Cañón* (P), *Chispón* (L), *Covachón* (C), *Cullaronas* (P), *Mamona* (P), *Matón* (P), *Micón* (L), *Minchona* (P), *Moscón* (P), *Moxón* (P), *Perdigón* (P), *Perona* (P), *Pichón, Pichona* (P), *Pinghón* (P), *Pinavete* (P), *Roncón* (P), *Tacolón* (P), *Tapón* (P), *Tascona* (P).

-Oncho: *Piloncho* (P).

-Ongo, -a: *Morrongas* (P).

-¿Onxo?: *Melonxo* (P).

-Ote, -a: *Caghote* (P), *Chichote* (P), *Cipote* (C), *Fugarote* (P), *Maragote, Maragota* (L), *Marcote* (C), *Pegote* (P).

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 303

-Oto, -a: *Caligota* (P), *Canoto* (P), *Carcañota* (P), *Catanota* (Ce), *Miñota* (P), *Paxota* (P), *Os Picotos* (C), *Porota* (P), *Rachota* (P).

-Ucho, -a: *Cachucho* (P), *Carrapucho* (P), *Pirucha, Pirucho* (P)

-Uco, -a: *Charruco* (P), *Churruca* (P), *Fabuca* (P), *Tacuco* (P).

-Ungo, -a: *Fandunga* (P).

En canto ós préstamos, podemos situar neste apartado aqueles alcumes que responden á influencia de culturas, ou subculturas, alleas. A emigración, os medios de comunicación, o propio mar, vía de contacto principal con outras terras, son factores de penetración de distintos elementos culturais. Así documentamos, da cinematografía: *Alaindelón* (C), *Childa* (C) (era guapísima), *Groucho* (P), *Tarzán* (C, P), *Vuelo 72* (C); da televisión e mundo da publicidade: *O abuelo de Heidi* (C), *Barbie* (C), *Calatravas* (P), *Chicas de oro* (C) (eran unha panda de viúvas), *Conguitos* (P), *Curro Jiménez* (P), *Gento* (P), *Joe* (P), *Lady* (P), *Larry* (P), *Levis* (P), *Perlenka* (P), *Rexach* (P), *Rigan* (C), *Sandokán* (P); do panorama musical: *Cabeza inchada* (C) (é do refrán ou retrouso dunha canción lixeira, de moda hai anos), *Caruso* (P), *Hevia* (C) (tocaba moi ben a gaita), *Sandy Shaw* (C), *Tina Monina* (C) (do retrouso dun tema de Elton John); da letra impresa en xeral: *De Gaulle* (P), *Pedrín* (P) (¿da publicación *Roberto Alcázar y Pedrín*?), *Petén* (P), *Pinocho* (P), *Rompetechos* (L, P), *Yeti* (P), *Zipi* (P); froito da emigración a América poderían ser formas como *Gaucho* (P), *Macana* (P), *Pibe* (P), e algunhas palabras que evocan voces precolombinas, aínda que é difícil precisar: *Cipala* (P), *Curinche* (P), *Mayantí* (P), *Papatí* (P), *Yacará* (P), etc.

O cristianismo, a igrexa, é fonte duns cantos alcumes, que, malia se constituíren en símbolos moi populares e coñecidos, dalgunha forma déixanse acaroar ós préstamos multiculturais: *Caín* (L), *O Cristo* (C), *De Dios* (P), *Herodes* (C), *Jesucristo* (P), *Jesuita* (P), *Pilata* (P), *Sansón* (P), *Satán* (L), *Xudas* (L, P).

Moito máis abundantes son os castelanismos: case un once por cento do total (*Abuelito* (P), *O Abuelo de Heidi* (C), *Agujas* (P), *Ancianito* (P), *Arumita* (P), *Bacenilla* (P), *Barandilla* (P), *Cabrita* (P), *Cacharrera* (P), *Cacharritas* (Ce), *Calderilla* (P), *Calderillas* (Ce), *Campanilla* (P), *A Campanillas* (L), *Cantinera* (P), *Carajito* (P), *Carrera* (Ce), *Carretilla* (P), *Cascarilla* (P), *Cerilla* (P), *Chatarrero* (C), *Chichita* (P), *Chico* (C), *Chinitas* (P), *Chipita* (L), *Chiquitín* (P), *Chiquitina* (L), *Chiquitita* (C), *Chiquito* (P), *Chiquituja* (P), *Chispa* (P), *Churrero* (C, L, P), *A Colilla* (C), *Conexo* (C), *Corbata* (P), *Cosita* (P), *Costero* (C), *Cuellas* (Ce), *Culero* (P), *Culitos* (P), *Culo de oro* (P), *Curdero* (P), *Escalerita* (P), *Escarabajo* (C), *Faluchero* (P), *A Frasquilla* (C), Isabeliña da *gallega* (C), *Gallo* (L), *Garbancito* (P), *Grillo* (P), *Gordito* (L), *Habanera* (P), *Herrerita* (P), *Huesos* (P), *Isleña* (P), *Jabata* (P), *Jaula* (P), *Jota* (P), *Lasita* (P), *La Luna* (L, P), *Llavera* (P), *Llegada* (P), *Lombricita* (P), *Machaquito* (P), *Machito* (C), *Majita, Majo* (P), *Manquero* (P), *Mariquita* (P), *Masilla* (P), *Matalaculebra* (C), *Matapiojos* (P), *Milloncito* (C), *Miracielos* (C), *Mocartillo* (P), *Mora, Moro* (P), *Palancas* (C), *Palanganas* (P), *Paloma, Palomita* (P), *Paragüeros* (P), *Pardillo* (P), *Patita* (P), *Peinado* (P), *Peineta* (Ce), *Pelitos* (P), *Pepinillas* (P), *Perilla* (P), *Perrarito* (P),

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 304

Pichito (P), *Pies* (P), *Pilito* (P), *Pincha precios* (Ce), *Portera* (P), *Puerra* (P), *Pujitos* (P), *Rana* (P), *Raspita* (P), *Reina* (L, P), *Relleno* (P), *Relojes* (P), *Ririta* (C), *Roble* (C), *Salada* (P), *Salió* (P), *Salú* (P), *Sol y Luna* (C), *Taconillo* (C), *Taritas* (P), *Tartarillo* (C), *Temple* (P), *A Torera* (C), *Toro* (P), *Tortilla* (P), *Trancanillas* (P), *Trapichera* (P), *Travieso* (P), *Tulita* (P), *Turito* (C), *Uchavita* (P), *La Una* (P), *Veneno* (P), *Viejito* (P), *Viudo* (P), *Yo guapo* (P), *Zaguero* (P), *Zorro* (Ce, L).

Por último, unhas decenas de alcumes teñen orixe en onomatopeas ou raíces expresivas: neste grupo incluiremos unha serie de voces agudas de conformación estraña: *Baligó* (P), *Calú* (P), *Chacalachá* (P), *Chalala* (P), *Chería* (P), *Chesis* (P), *Chorró* (P), *Chucurruchú* (P), *Coló* (P), *Coné* (P), *Cuní* (P), *Floflo* (P), *Ghapolá* (P), *Ghaxé* (P), *Gholó* (P), *Ghuaghuá* (P), *Ghughua* (P), *Lerés* (P), *Macaní* (P), *Marcañí* (P), *Orní* (P), *Pacorró* (P), *Papatí* (P), *Parará* (P), *Ponteví* (P), *Sopambá* (P), *Tacatá* (P), *Tamparantán* (P), *Tarratá* (P), *Teitó* (L), *Tereás* (P), *Tirulí* (P), *Toroló* (L), *A Xaralala* (C), *Xaxá* (P), *Xurumba* (P).

Algúns alcumes presentan unha máis que verosímil forma expresiva: e con todo e iso, están suxeitos a dúbidas, porque emparentan sen demasiada dificultade con vellas raíces protoindoeuropeas. Por exemplo, da raíz CARR- temos alcumes como *Carracha* (P), *Carrachana* (Ce), *Carrana* (P), *Carrancha, Carrancho* (P), *Carrapucho* (P), *Carreixo* (C), *Carriza* (Ce). É innegable que posúen forza expresiva, pero non son onomatopeas, senón voces comúns ; todas figuran nos dicionarios con valores diversos (pequenez, pernas tortas, sucio...) e para aquelas que non logramos documentar nun dicionario, é doado dar a hipótese dun uso e un valor común grazas á relación con outras da posible familia (*Carrana*, por ex., é asimilable a *carrán,* 'carcamán, carrancado, carrancas'; *carrachana* a 'carrachento, sucio'; *Carreixo* a 'carrexo' ou a 'carrexón, carrexeiro', etc.).

Corricha (L), *Corrincha* (P), *Curripacha* (P), *Curripichí* (P), *Currupicha* (Ce), son igualmente voces expresivas e non se atopan nos dicionarios comúns (claro que de novo, permiten asimilarse a raíces do idioma, coma a dos verbos *correr, corrichar*; mentres que *curripichí e currupicha* parecen formarse coa raíz prerromana de *curuto, curruncho*, polos semas de 'puntiagudo, en ángulo' e secundariamente 'pequerrecho').

A modo de conclusións: Existe un certo grao de universalidade por parte dos galegos á hora de alcumar, igual que existe un continuísmo desde a Idade Media á hora de despregar a vea satírica, escarniña. *Cabeza inchada* que documentamos en Corme, vémolo tamén usado por Carlos Casares en *Xoguetes para un tempo prohibido*; *Repenico* e *Pichona* aparecen no noso corpus e aparecían antes na obra de Valle Inclán; o *Milhomes* de Blanco Amor correspóndese co noso *Setemachos* ou *Setehomes*...Certo que entre tódolos pobos hai constantes, constantes humanas; gusta, emporiso, constatalo.

Nos alcumes analizados percibimos valores literarios, símiles, metáforas tomadas da fauna, da flora, dos personaxes históricos, e percibimos ambigüidade e ironía. *María Potra* (P), por exemplo, ¿recibiu ese nome pola súa sorte ou pola súa sexualidade? ¿E o *Doctor Vagina* (P), será unha forma burlesca de referirse a un xinecólogo ou volvemos ter un escarnio sexual?

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 305

Ironía clara témola en *Chiquitita* (C) cando oímos comentar ó informante: «era moi alta», ou a propósito de *Machito* (C) e *Setemacho*s (L): «presumía de macho e non tiña forza ningunha».

Percibimos, asemade, constantes antropolóxicas: a importancia do número sete, por exemplo: *setecadelas, setecarallas, setehomes, setemachos, seteoficios.* Os expertos en numeroloxía saben ben do valor cabalístico, case máxico, do número sete. Na cultura popular galega simboliza un pouco o universo, en todo caso, o espazo inabarcable. Pondera o *summum*. Aparece moito na fraseoloxía e na paremioloxía: *Chorar os sete chorares...* No mito da trabe de ouro e de alcatrán, sete parroquias serían destruídas pola segunda, e así un etcétera. O dos sete oficios tamén parece ter un valor mítico: relémbranos os sete oficios de Adán, ou os nove oficios do deus Lug[5].

Comparando os alcumes da beiramar cos de terra adentro, apreciamos (ben entendido que estas son conclusións provisionais, debido ós condicionantes enunciados na nota 1) unha maior presenza de cultura foránea nos primeiros, así como un maior grao de castelanización. Nos topónimos do interior abundan máis elementos da flora e da fauna autóctonas; nos marítimos, como é obvio, hai máis termos mariñeiros e máis nomes de peixes.

Tamén sentimos a saudade dos tempos idos, do que xa non volve: o *petroleiro* xa non alimenta candís, a *parafusa* non fía xa na roca, a *cereira* non recollerá máis cera natural para as velas...

En conxunto o grao de aculturación que presenta o noso corpus non é moi marcado. Diriamos, sen temor a equivocarnos, que predominan na formación dos alcumes estudados, os recursos da dinámica interna do idioma. E visto globalmente, o grao de castelanización, apenas o 11%, non é desmesurado (como contrapartida, téñase presente que os nosos informantes máis prolíficos son xa de certa idade).

Agora ben, o que si está claro é que neste paradigma, os máis de mil alcumes presentados, laten con vida poderosa, as constantes galegas de toda a historia: o sentido do humor (permítaseme recordar o moito que sorrimos nos apartados da composición e dos atributos, especialmente), a ironía, a riqueza inesgotable de formas, a creatividade, en suma. ¡Eis o xenio idiomático, a clara presenza dunha lingua viva!

actas_sarmiento_def_1_3 8/9/06 13:53 Página 306

NOTAS

1. Chegaron ás nosas mans grazas á alumna eumesa Marta Tenreiro Salgado, que cursaba 2º de BUP no ano 1987. Foron recollidos ó longo de moitos anos por un seu tío, erudito eumés, nun traballo inédito. Para os alcumes cormeláns contamos con tres informantes de distantes idades, entre 15 e 40 anos. De Celanova só obtivemos información a través dos avós dunha nosa alumna deste curso. De Lalín a información foi recollida por persoas de máis de 50 anos. O listado eumés é tan rico que por si só xustificaría un estudo illado, individual, pero ó carecer de coñecemento directo dos alcumados, o traballo estaría coxo. Resultou imprescindible contrastar con datos vivos doutros lugares. Agora ben, as cantidades desproporcionadas (130 alcumes de C, 121 de L, 65 de Ce, fronte ós 877 de P) dos outros tres lugares son un atranco case insalvable para unha análise comparativa fiable.

2. Entre as testemuñas dunha concordia entre ourives e cambiadores datada en 1289 lemos estes alcumes: «rruy fernandes *giganto*, pero peres *chamuscado*» (apud López Ferreiro, *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*). Curiosamente, *Giganto* consérvase como apelido no Bierzo leonés.

3. O noso informante de Lalín recordaba de neno as ameazas do *Uvas* cando lle chamaban así os cativos. A nosa nai tennos contado tamén que eran perseguidos na aldea valdeorresa por un veciño cando lle berraban *¡O tío Aioz!* Lápidas con alcumes debaixo do nome legal vímolas por ex. en Bendoiro, Pontevedra (*Chiso*) e no propio Pontedeume (*Chinqlete*).

4. En Valdeorras «pirucho» chámaselle ó rapaz brincadeiro e inquedo, «perico» ou «pirico» noutros lugares.

5. *Homem de sete ofícios, em todos é remendão*, *Sete ofícios, catorze desgraças* son refráns portugueses. En galego documentamos *Sete oficios colleu Adán e de ningún gana pan*. O relato onde aparece Lug o dos nove oficios ou as nove artes aparece no ciclo mitolóxico irlandés.